

CONVOCATORIA DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM) CAMPUS DE SANTIAGO E LUGO

A Universidade de Santiago de Compostela convoca, para o ano académico **2023-2024**, a matrícula nos **cursos de español como lingua estranxeira (ELE)** do Centro de Linguas Modernas nos campus de Santiago e Lugo dirixidos especialmente ao alumnado da universidade (ERASMUS+, convenios da USC e similares) e abertos a calquera persoa interesada maior de 16 anos, como servizo de apoio complementario á educación universitaria, de conformidade coas seguintes

BASES

O único requisito para participar nestes cursos é ter cumpridos 16 anos ou cumprilos no ano en curso.

Cursos ofertados

No curso académico 2023-2024 impartiranse **cursos semestrais** e **cursos intensivos** de español como lingua estranxeira (ELE) nos campus Santiago e Lugo. Os detalles dos cursos poden verse no ANEXO final.

Niveis impartidos

A1, A2, B1, B2, C1, C2.

Modalidade dos cursos semestrais e intensivos

Cursos semestrais:

40 horas presenciais + 60 horas de traballo autónomo do alumnado. As clases teñen periodicidade de 90 minutos 2 veces por semana, luns e mércores ou martes e xoves, durante 4 meses.

Cursos intensivos:

40 horas presenciais + 60 horas de traballo autónomo do alumnado. As clases teñen periodicidade de 90 minutos 4 veces por semana, luns, martes, mércores, xoves, durante 2 meses.

Cursos de preparación para exame el DELE:

20 horas presenciais. As clases teñen periodicidade de 90 minutos 4 veces por semana, luns, martes, mércores, xoves, durante 5 semanas. 20 horas presenciais. As clases teñen periodicidade de 240 minutos 1 vez por semana, os venres.

Acceso aos cursos

As persoas interesadas en participar nos cursos de ELE deben inscribirse no **test de nivel previo á matrícula** , agás o alumnado do nivel inicial (A1), que poderá matricularse directamente sen necesidade de realizar o test, así como o alumnado cun nivel MECRL xa aprobado no CLM.

Avaliación e certificación

Cada curso convocado polo Centro de Linguas Modernas (CLM) terá unha única convocatoria de exame final.

Todo o estudantado que cumpra os requisitos mínimos de asistencia e avaliación poderá obter unha certificación que acredite a denominación do curso, coa cualificación cualitativa (*Aprobado, Notable, Sobresaliente, Matrícula de Honra*) e a correspondente numérica, a duración (número de horas), o nivel MECRL, e o nome e documento de identidade da ou do estudante.

As alumnas e alumnos que non cumpriren cos requisitos mínimos marcados, que serán o cumprimento do 70% dos contidos programados para cada nivel e a avaliación positiva dos exames, **non** terán dereito ao dito certificado.

Todas as certificacións que acreditan o nivel segundo o MECRL no CLM da USC enmárcanse no sistema de certificacións automatizadas acreditadas con selo de órgano e código seguro de verificación de conformidade coa *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público*.

As certificacións poderanse descargar a través da Secretaría Virtual (SV) da USC.

O alumnado dos cursos de preparación para el DELE poderá solicitar a constancia da participación e aproveitamento a través do correo electrónico clm@usc.gal.

Créditos ECTS

O alumnado que supere estes cursos poderá solicitar os créditos correspondentes na USC, segundo o *Acordo do Consello de Goberno de 28 de maio de 2019*, sobre recoñecemento de niveis de idiomas nos títulos de grao. **Por cada 25 horas cursadas recoñecerase 1 crédito ECTS, ata un máximo de 6**; en canto aos niveis, recoñeceranse os seguintes créditos: B1: 3, B2: 4, C1: 5 e C2: 6.

Calendarios do prazo de matrícula e das clases

A data do remate dos cursos pode variar.

Curso	Prazo de matrícula	Calendario das clases
Cursos do 1º semestre 2023-2024 Campus Santiago, Campus Lugo	28/08 – 13/09/2023	13/09 – 19/12/2023
Cursos intensivos de setembro-outubro 2023 Campus Santiago	28/08 – 6/09/2023	6/09 – 23/10/2023
Cursos intensivos de novembro-décembro 2023 Campus Santiago	2/10 – 2/11/2023	2/11 – 20/12/2023
Cursos do 2º semestre 2023-2024 Campus Santiago, Campus Lugo	15/01 – 14/02/2024	14/02 – 30/05/2024
Cursos intensivos de febreiro - marzo 2024 Campus Santiago	2/01 – 1/02/2024	1/02 – 20/03/2024
Cursos intensivos de abril - maio 2024 Campus Santiago	15/03 – 15/04/2024	15/4 – 30/05/2024
Curso de preparación para el DELE C1	9/01 - 9/02/2024	9/02 – 15/03/2024

As características dos grupos poderanse modificar segundo as necesidades do Servizo co visto e prace previo da dirección do CLM.

Test de nivel

Para participar nos cursos é preciso realizar un **test de nivel** para o que haberá que **inscribirse** previamente. O test de nivel será en liña. As persoas sen coñecementos previos de español poden matricularse directamente nun curso de nivel A1.

A inscrición no test de nivel farase por Internet dende a páxina *web* do CLM <<http://www.usc.es/clm>>.

Os resultados dos test de nivel publicaranse na secretaría virtual do alumnado.

O test de nivel realizarase ONLINE no período asignado para cada curso.

As persoas inscritas no test de nivel recibirán a ligazón para a súa realización por correo electrónico. No caso de dúbidas, poden dirixirse ao enderezo clm@usc.es ou clm@usc.gal

O nivel acadado no test non acredita o nivel correspondente segundo o MECRL, senón que indica o nivel no que debe matricularse.

O test de nivel non ten custo para as/os estudantes.

O alumnado con un ou máis cursos de ELE aprobados no CLM da USC non precisa facer o test de nivel.

Para acceder ao test de nivel, na secretaría virtual (SV) debe buscar ⇒ Actividades, cursos e probas ⇒ premer Test de nivel.

No caso de ter problemas técnicos, contacten con cau@usc.gal

Cando se teña o resultado do test de nivel asignado e o período de matrícula estea aberto, poderá elixir o horario dispoñible e matricularse no curso elixido dende a secretaría virtual, dende Oferta ⇒ Cursos e sesións de conversación de Linguas Modernas (CLM).

Calendarios de prazo de inscrición e realización do test de nivel en liña de acceso aos cursos presenciais:

Test de nivel en liña de acceso aos cursos seguintes:	Prazo de inscrición e período para realizar o test de nivel (DD/MM/AAAA)
Cursos do 1º semestre 2023-2024 Campus Santiago, Campus Lugo	1 – 13/09/2023
Cursos intensivos de setembro-outubro 2023 Campus Santiago	28/08 – 6/09/2023
Cursos intensivos de novembro-décembro 2023 Campus Santiago	18/10 – 2/11/2023
Cursos do 2º semestre 2023-2024 Campus Santiago, Campus Lugo	24/01 – 14/02/2024
Cursos intensivos de febreiro - marzo 2024 Campus Santiago	17/01 – 1/02/2024
Cursos intensivos de abril - maio 2024 Campus Santiago	1/04 – 15/04/2024

Matrícula

Tarifas dos cursos:

- Alumnado de intercambio, autorizado USC, 1º curso: 50€
- Alumnado de intercambio, 2º curso e sucesivos, sempre con vinculación á USC: 100€
- Alumnado externo: 175€
- Curso de preparación para el DELE C1: USC: 75€, sen vinculación á USC: 100€

Todo o alumnado novo con coñecementos previos de español debe facer o test de nivel previo á matrícula, agás para o nivel A1. O alumnado de nivel inicial poderá matricularse directamente.

Alumnado da USC: recoméndase facer a matrícula no CLM despois de teren formalizada a matrícula nos estudos regrados na USC.

O alumnado Apto noutro curso de español no CLM, poderá matricularse directamente no nivel inmediatamente superior sen facer o test de nivel. Se non atopa o acceso na súa SV durante o período aberto da matrícula, debe contactar clm@usc.gal

A matrícula farase por Internet dende a páxina *web* do CLM <<http://www.usc.es/clm>>.

No caso de ter problemas coa matrícula en liña deben remitir unha incidencia ao enderezo cau@usc.gal e seguir as indicacións recibidas.

Unha matrícula fóra de prazo por causas ou motivos xustificadas só se poderá aceptar en casos excepcionais e deberá contar co visto e prace da Dirección do CLM.

Dada a natureza de servizo universitario e a súa consideración de estudos propios e específicos diferentes aos de validez en todo o territorio nacional, non será de aplicación o réxime de exencións ou subvencións á matrícula que rexe para os estudos universitarios ordinarios.

Non se levarán a cabo cursos que non acaden o **mínimo de 8 persoas matriculadas** a non ser en casos excepcionais que a Dirección do Centro estime pertinentes. No caso de anulación do curso, o alumnado ten dereito para a devolución da matrícula ou o cambio de curso.

No caso dos cursos semestrais haberá un prazo de dez días naturais dende a data de inicio do curso para solicitar a anulación e devolución da matrícula. No caso dos cursos intensivos o prazo será de cinco días.

A renuncia á matrícula por causas alleas á Universidade non dará dereito á devolución do seu importe.

Se unha alumna ou alumno matriculado e con praza nun grupo determinado tivese máis dun 50% de faltas inxustificadas durante o primeiro mes (ou a quinta parte inicial) do curso, poderá quedar sen praza nese grupo, pero terá dereito a solicitar o reingreso en calquera grupo do mesmo nivel que se inicie con posterioridade dentro do mesmo curso académico, de existiren prazas libres.

Os alumnos e alumnas que non asistan ao 80% das sesións de clase non terán dereito ao certificado.

Seguro

Agás as persoas que realizan os seus estudos no CLM da USC única e exclusivamente en liña e en ningún momento permanezan nas instalacións da USC, todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que non están cubertas polo seguro escolar obrigatorio do INSS, por non ter formalizada matrícula en estudos oficiais na

Páxina 4

USC no curso académico correspondente ou ben, sendo alumnos/as da USC neste curso son de nacionalidade estranxeira ou nacionais maiores de 28 anos e non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula, deben subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe establecido como obrigatorio polo **Acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2009**. Máis información en: <http://www.usc.es/gl/servizos/sxe/seguros.html>.

O custo do seguro no curso académico 2023-2024 é de 17,50€ e poderá contratarse antes da chegada á USC.

Aceptación das bases

A solicitude de praza nos cursos do CLM suporá a aceptación incondicional destas bases.

Información

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)
Avda. das Ciencias 7, 1º
Campus Vida – Santiago de Compostela
Tel.: 8818 14443
Correo electrónico: clm@usc.gal

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)
Aulario da facultade de Humanidades
Sala de profesores do CLM (Lugo)
Tel.: 982 82 606
Correo electrónico: clm@usc.gal

Impugnación

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O REITOR
P. D. de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG 26 abril 2022)
O Xerente
Javier Ferreira Fernández

ANEXO

Calendarios 2023-2024

Cursos	Niveis impartidos	Número de grupos	Número de prazas	Inscripción e realización do Test de nivel	Prazo de matrícula	Calendario das clases
Cursos do 1º semestre 2023-2024 Campus Santiago, Campus Lugo	A1, A2, B1, B2, C1	12	180	1 – 13/09/2023	28/08 – 13/09/2023	13/09 – 19/12/2023
Cursos intensivos de setembro-outubro 2023 Campus Santiago	A2, B1, B2	3	45	28/08 – 6/09/2023	28/08 – 6/09/2023	6/09 – 23/10/2023
Cursos intensivos de novembro-décembro 2023 Campus Santiago	A1, A2, B1, B2	4	60	18/10 – 2/11/2023	2/10 – 2/11/2023	2/11 – 20/12/2023
Cursos do 2º semestre 2023-2024 Campus Santiago, Campus Lugo	A1, A2, B1, B2, C1, C2	11	165	24/01 – 14/02/2024	15/01 – 14/02/2024	14/02 – 30/05/2024
Cursos intensivos de febreiro - marzo 2024 Campus Santiago	A1, A2, B1, B2	4	60	17/01 – 1/02/2024	2/01 – 1/02/2024	1/02 – 20/03/2024
Cursos intensivos de abril - maio 2024 Campus Santiago	A1, A2, B1, B2	4	60	1/04 – 15/04/2024	15/03 – 15/04/2024	15/04 – 30/05/2024
Curso de preparación para el DELE C1	-	1	15	-	9/01/2024 – 9/02/2024	9/02/2024 – 15/03/2024

Algúns cursos poderán sufrir cambios por motivos de organización da USC.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/06/2023 10:51:11.

CSV: 8F44-2B56-43B5-AED2